



BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 30-04-2021.

Expte: 2021/G010/000005

Na vila de Vimianzo, ás nove horas e un minuto do día trinta de abril de dous mil vinte e un, na sala de sesións da Casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ao obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros de xeito presencial (PSdeG-PSOE) e telemático:

Presidenta: D. Mónica Rodríguez Ordóñez, alcaldesa. (PSdeG-PSOE).

Concelleiros/as:

D. Víctor Manuel Muíño Ramos. (PSdeG-PSOE)
Dna. María José Pose Pérez. (PSdeG-PSOE)
D. Miguel Angel Pérez Méndez. (PSdeG-PSOE)
Dna. Rosa Blanco Lema. (PSdeG-PSOE)
D. Mario Andújar Mouzo. (PSdeG-PSOE), de xeito telemático.
D. Manuel Antelo Pazos. (A.V)
Dna. Marta Rey Lema. (A.V)
D. Eugenio Vidal Quintáns. (A.V).
Dna. María Jesús Barbeira Pose. (A.V)
Dna. Raquel Rodríguez Amigo. (PP).
D. Francisco Manuel Calzas Suárez. (PP).

Asisten telemáticamente tódolos membros da corporación excepto os pertencentes ó grupo político do PSdeG-PSOE.

Secretario Xeral: D. Francisco Javier Novoa Juiz.
Interventora Xeral acc.: Dna. Rosa María Sánchez Martínez

Non asiste o seguinte concelleiro:
D. Francisco Javier Trillo Pazos. (A.V).

ORDE DO DÍA:

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 26 de marzo de 2021.

B) Sección de control

2º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.
3º. Mocións de urxencia.
4º. Rogos e preguntas.

A continuación comeza o debate plenario da orde do día:



A) Sección resolutive

1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 26 de marzo de 2021.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Sra. alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á citada acta.

Dna. Marta Rey excusa por motivos laborais a ausencia do seu compañeiro.

Ao non manifestar ningunha observación sobre as mesmas, quedan aprobadas por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria celebrada o 26 de marzo de 2021.

B) Sección de control

2º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidentencia.

O Secretario da conta dos números de Resolución da Alcaldía adoptadas desde o día 24-03-2021 con número 285/2021 ata o día 27-04-2021 con número 405/2021.

O Pleno do Concello douse por enterado.

3º. Mocións de urxencia.

Non se presentan.

4º. Rogos e preguntas.

Dna. Raquel Rodríguez roga se reparen e arranxen as máquinas deportivas do parque de Carnés xunto ó cemiterio e que se faga un parque infantil.

A Alcaldesa-Presidenta dí que a intención e cambiar os biosaudables e cambiar a ubicación e en relación a pregunta de anteriores plenos referida ó consumo das luces de nadal comunica que se solicite por escrito e as facturas estarán á súa disposición.

Non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 09:10 horas a Alcaldesa-Presidenta levanta a sesión, e eu como Secretario do Pleno redacto esta borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o 30 de abril de 2021.

A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez

O Secretario Xeral
Francisco Javier Novoa Juiz